

PRESENTACIÓN

O vindeiro 28 de maio elixiremos ás persoas que dirixirán o rumbo da nosa cidade, dos nosos barrios e das nosas parroquias nos vindeiros catro anos.

Decidiremos se volvemos á dinámica de volver a comezar de cero cada 4 anos, que nos impide avanzar como cidade, ou se nos damos a oportunidade de que gane Ferrol, con **CONTINUIDADE** agora que xa demos coa fórmula para recuperar o tempo perdido, apoiando ao alcalde socialista **Ángel Mato**.

Un alcalde que incorporou Ferrol á axenda política de todas as administracións; que conseguiu recursos para desenvolver economicamente a nosa cidade e o seu entorno, sen vitimismo, pero con rigor e solvencia; que pensa no rural e no urbano como un conxunto de riquezas e oportunidades sempre antepoñendo os intereses de Ferrol por diante de calquera outra consideración.

Temos que seguir avanzando no desenvolvemento económico dos nosos sectores produtivos e na creación de emprego; continuar cos proxectos iniciados para mellorar a nosa vida cotiá e coa oportunidade de decidir que proxectos precisamos para afianzar o noso presente e o noso futuro como ferroláns e ferrolás, respetando o noso medio natural.

Precisamos continuidade se queremos que gane Ferrol como cidade habitable, alegre e segura, que propicie o desenvolvemento persoal; que gane Ferrol cunha maneira de facer cidade, comprometida coas nosas xentes, cos nenos e nenas, coa xente moza, os maiores, as mulleres e as persoas migrantes, traballando con todas as administracións para sumar fondos e capacidades que o fagan posible; que gane Ferrol coa firme determinación de ter voz propia, recuperando a autoestima e o orgullo de cidade.

É tempo de **QUE GANE FERROL**, apoiando as propostas socialistas, pensadas para seguir na senda do progreso, a modernidade e o pulo das nosas oportunidades; é tempo de apoiar a candidatura encabezada polo alcalde socialista Ángel Mato, un alcalde sereno, que traballa arreo, sen escatimar esforzos, no seu compromiso coa protección das familias e o desenvolvemento presente e futuro da nosa cidade.

Todo isto decidimos as ferrolás e os ferroláns o 28 de maio. ¡Non é cousa menor!

Grazas, Ferrol, pola túa confianza.

QUE GANE O FERROL DA XENTE

Hoxe é mais necesario que nunca contar cun goberno municipal que apoie ás persoas, que protexa ás familias, que coide dos seus maiores, reforzando as medidas de protección social que garantan os dereitos recollidos na constitución; en definitiva, que coide de todas e todos os que vivimos en Ferrol.

Sabemos que a nosa saúde, a nosa seguridade e mesmo os nosos recursos son vulnerables e está nas nosas mans coidalos e defendelos. Importa defender as ideas que garantan os principios de igualdade, xustiza social e solidariedade.

Só así gaña Ferrol e gañamos todas e todos como comunidade.

OS SERVIZOS SOCIAIS, A DEPENDENCIA, AS PERSOAS MAIORES

Os maiores de Ferrol son un dos activos máis importantes da cidade e temos que seguir contando con eles activamente, tanto no eido dos coidados como no envellecemento saudable. Ademais, temos que seguir traballando na mellora da xestión dos **servizos sociais**, garantindo o seu acceso a todos os barrios e parroquias.

Neste senso, comprometémonos a:

- Desenvolver un **Plan Estratégico Social** Municipal, que contemple a reorganización e incremento de persoal dos servizos sociais municipais.
- Potenciar a iniciativa de **“Ferrol, Cidade Amigable coas Persoas Maiores”**, aplicando o **1º plan de envellecemento saudable** recentemente rematado, implicando a entidades e colectivos, e achegando as persoas maiores á cultura, ao ocio, ao deporte e ás novas tecnoloxías.
- Aumentar os **programas dirixidos a paliar a soidade non desexada**, cun novo servizo de acompañamento e de protección, para que as persoas maiores poidan seguir vivindo no seu medio habitual, a partir da elaboración dun censo de persoas maiores de 60 anos que viven soas coa implicación de entidades veciñais.
- Traballar na detección e seguimento de posibles persoas beneficiarias e na tramitación do **Ingreso Mínimo Vital**, creado polo Goberno de España e da **RISGA** da Xunta de Galicia.

- Ampliar a **150 persoas** o programa **Xantar na Casa**, que xa pasou de 15 a 70 prazas neste mandato.
- Garantir o **Servizo de Axuda no Fogar (SAF)** cun maior número de persoas beneficiarias, esixindo á Xunta que cumpra coas súas obrigas.
- Poñer en marcha dous **comedores para maiores** no Centro Municipal da rúa Río Xubia e no centro cívico de San Pablo, establecendo fórmulas de transporte para achegar o servizo a todas as persoas que o demanden.
- Xestionar coa Universidade e a Consellería de Benestar a posta en funcionamento dunha **Residencia de maiores** no edificio da escola politécnica de Serantes.
- Desbloquear ante a Xunta a construción da **Residencia de maiores** do Bertón.
- Promover a **construción dun centro de día** no antigo cuartel Sánchez Aguilera unha vez asinado o convenio con Defensa.
- Promover a **construción dun centro polivalente no rural**, que atenda as necesidades das persoas maiores dende diferentes perspectivas.
- **Priorizar a maiores de 65 anos** na atención presencial dos diferentes servizos do Concello, así como promover cursos e formación para facilitar a realización de trámites administrativos.

INFANCIA E FAMILIA

Non existe ningunha causa que mereza máis prioridade que a protección e o desenvolvemento dos menores. Temos a obriga de encargarnos do seu coidado, benestar, educación e tamén da súa protección legal.

Na familia constrúese a identidade das persoas e é o soporte fundamental na vertebración dunha sociedade plural. Queremos atender as necesidades básicas das familias que permitan que os nenos e nenas do noso concello teñan o seu propio espazo e dispoñan dos medios necesarios para o seu desenvolvemento persoal e social.

Para acadar estes obxectivos:

- Crearemos Espazos Municipais de Convivencia Familiar de apoio e orientación para situacións problemáticas.
- Reforzaremos a Escola Municipal de Familias.
- Promoveremos a participación da infancia nas diferentes accións da administración local, para que sintan e defendan a súa cidade e formen parte dela dunha forma activa.
- Fomentaremos a conciliación a través de programas de cuidadores nos centros públicos municipais e de actividades en períodos de vacacións.
- Optimizaremos o Centro de Día de Menores de Ferrol, en colaboración coa Deputación Provincial.

ADOLESCENCIA, XUVENTUDE

- Promoveremos o acceso a unha vivenda digna, incorporando a Ferrol ao 5º eixo do Estado de Benestar que acaba de anunciar Pedro Sánchez: o dereito á vivenda, facilitando vivenda pública de aluguer para xente nova, como alternativa real a emancipación.
- Impulsaremos o asociacionismo xuvenil, coa creación dun foro xuvenil para que sexan partícipes no deseño dos programas de ocio responsable, accesible, participativo e diverso, facilitando recursos e espazos.
- Executaremos Plans Municipais de Activación do Emprego.
- Elaboraremos un **protocolo de saúde mental**, en colaboración co SERGAS e as diferentes institucións académicas, coa finalidade de prestar apoio á xente nova, para axudar a afrontar os novos retos sociais e de estilos de vida.
- Recuperaremos o Programa Ardora de Ocio Nocturno, con actividades segundo as demandas da mocidade.
- Impulsaremos o uso da Casa da Xuventude para que sexa un espazo aberto e de referencia para a mocidade ferrolá, con actividades de formación e de asesoramento.
- Promoveremos da man dos centros educativos un Plan municipal contra o Bullying e o acoso escolar, promovendo campañas e formacións para pais e menores.

INCLUSIÓN, INTEGRACIÓN, MIGRACIÓN

A migración de persoas supón unha oportunidade para aumentar a poboación e a riqueza cultural do noso concello, sendo moi enriquecedora a convivencia activa entre persoas de distinta procedencia xeográfica e cultural.

Asemade, comprometémonos a seguir traballando a prol da inclusión real e efectiva, a través de políticas sociais activas dirixidas a todos os colectivos en situación de vulnerabilidade e exclusión social.

As medidas enfocadas a logralo son:

- Potenciaremos a **oficina de migración**, creando a figura do mediador/a, que se encargará de asesorar e axudar nos trámites administrativos como o empadramento, acceso á tarxeta sanitaria, nacionalidade, prestacións sociais, tramitación de axudas e posta en funcionamento de programas de inclusión e defensa á diversidade, evitando a vulneración de dereitos dos colectivos de persoas migrantes.
- Promoveremos a incorporación de Ferrol á **rede de atención xurídica, social e psicolóxica de proximidade** para erradicar todas as formas de violencia machista e racista contra as mulleres migrantes, para garantir os seus dereitos en condicións de igualdade e non discriminación.
- Crearemos **Aulas Municipais de adaptación lingüística**, en colaboración coas administracións educativas autonómicas e centros escolares, para potenciar a integración en persoas adultas e evitar posibles fracasos escolares a menores.
- Aplicaremos o **Protocolo de atención ás persoas en situación de emerxencia**, elaborado recentemente polo Concello de Ferrol coas entidades do terceiro sector.
- Aplicaremos o **Protocolo de atención e intervención nos casos de síndrome de Dióxenes e de Noe**, elaborado polos servizos sociais do Concello no mandato 2019-23.
- Modificaremos a **Ordenanza de Axudas de Emerxencia Social**, de xeito que se adapte ao momento actual e ás necesidades da poboación de Ferrol.

- Continuaremos os **plans de intervención sociocomunitaria** en Recimil e San Pablo, avanzando na recuperación integral dos barrios.
- Fomentaremos a inclusión social a través de **plans de inclusión e programas de formación e de emprego**, dirixidos a acadar que as persoas máis vulnerables poidan acceder a un posto de traballo e a unha inclusión social plena.
- Incrementaremos as **vivendas de transición**, que se puxeron en marcha, con dúas na cidade, neste mandato, para garantir un teito e, sobre todo, axudar a través de itinerarios personalizados a acadar a inclusión.
- Acordaremos co SERGAS un **Protocolo de saúde mental**, que faga especial incidencia nas persoas en situación de senfogarismo.
- Reorganizaremos as **unidades básicas de servizos sociais** de modo que se poida atender mellor á cidadanía e reforzar as zonas con máis poboación vulnerable.
- Implementaremos, en colaboración con Mobilidade, un **plan de melloras na accesibilidade**, especialmente dirixidas ás persoas con trastornos do espectro autista (pictogramas). Completaremos a accesibilidade dos edificios públicos e promoveremos a de centros privados (sociais, empresariais, deportivos, culturais, etc).

VOLUNTARIADO

- Impulsaremos a Oficina Municipal de Voluntariado, garantindo a formación básica e especializada do voluntariado municipal.
- Artellaremos plans de voluntariado, facendo fincapé en programas dirixidos ao acompañamento, á infancia, aos maiores e ao coidado do patrimonio e medio natural.
- Consolidaremos a Feira de Voluntariado de Ferrol, de modo que se convirta nunha cita referente do programa de actividades do mes de decembro.

IGUALDADE

Queremos desenvolver un Ferrol igualitario e inclusivo que non pode construírse ao marxe das mulleres, de xeito que Ferrol sexa un espazo de convivencia no que poidamos desenvolver o noso día a día, en condicións de seguridade, igualdade e dignidade.

Por iso:

- Impulsaremos o desenvolvemento e avaliación de novos Plans Municipais de Igualdade entre homes e mulleres e de loita contra a violencia machista.
- Apostaremos pola Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero a nivel municipal para o establecemento de Protocolos de actuación.
- Actualizaremos o Protocolo da Mesa Local contra a violencia de xénero.
- Impulsaremos o uso da Casa da Muller, con actividades de formación e de asesoramento.
- Seguiremos coas intervencións de mellora da Casa de Acollida, conseguindo un espazo seguro e de calidade, creando espazos de lecer para os menores.
- Promoveremos campañas de concienciación e sensibilización contra a violencia machista en colexios e institutos.
- Crearemos un espazo municipal das diversidades sexuais e identidades de xénero, con servizos de formación, sensibilización e de atención directa, tanto a nivel individual como grupal ou familiar.
- Crearemos un servizo de canguraxe, con modalidade en ludotecas e a domicilio, co fin de atender as necesidades de conciliación asociadas á vida familiar, persoal e laboral.

PARTICIPACIÓN

Ferrol debe promover a participación da veciñanza nos asuntos relevantes que afectan á nosa cidade xa que o seu criterio é fundamental para acadar solucións consensuadas e representativas de todos os cidadáns.

Por iso:

- Melloraremos a páxina web do Concello, para facela máis intuitiva e accesible aos diferentes segmentos de poboación.
- Impulsaremos a adopción de medidas de accesibilidade aos contidos para persoas con discapacidade auditiva e xordo cegas, en eventos da corporación local e na publicidade institucional.
- Fomentaremos a transparencia coa implantación de plataformas xestoras de expedientes que permitan a publicación da máis relevante para a cidadanía de forma accesible, transparente e eficiente.
- Melloraremos as subvencións para entidades veciñais, incluíndo unha partida de inversión para a compra de equipamentos ou melloras nos locais, impulsando non só o fomento das actividades senón o mantemento das entidades.
- Actualizaremos o Regulamento de Participación Cidadá para que sexa unha ferramenta útil para a participación da veciñanza.
- Daremos continuidade á Aula Aberta de Formación Cidadá cun catálogo de actividades formativas durante todo o ano.
- Ofreceremos un catálogo de actividades ás entidades veciñais promovidas dende o Concello segundo a demanda veciñal.

EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Apostamos por unha educación pública de calidade mellorando os servizos de competencia municipal.

As nosas propostas neste eido son:

- Desenvolvemento dun Plan Educativo da Contorna do Concello de Ferrol dirixido a familias e infancia.
- Mantemento das becas comedor.
- Incremento das horas das actividades extraescolares para favorecer a conciliación.

E no eido universitario:

- Seguiremos apoiando ao Campus de Ferrol coa implantación de novas titulacións —como xa o fixemos cos Graos de Moda e de Relacións Internacionais— coa solicitude da implantación do Grao universitario de Ciencias Culinarias e gastronómicas.

- Promoción da creación dunha Citilab Ferrol como laboratorio cidadán para a innovación social e dixital e para a difusión e fomento dunha sociedade de coñecemento e participación social.
- Apoiar actividades de transferencia de coñecemento e investigación a través da Unidade Mixta de Colaboración (UMI UDC-NAVANTIA) como modelo de colaboración entre academia e industria.
- Impulsar a colaboración do Concello e o campus de Ferrol coas diferentes Cátedras existentes, como xa se está a facer coa Cátedra de Arqueoloxía no castro de Esmelle.
- Apoiar o asociacionismo estudantil.
- Seguir apoiando a Universidade Sénior.
- Seguir colaborando coas actividades culturais e de emprendemento que desenvolve a Universidade da Coruña e cos diferentes servizos existentes na UDC.
- Habilitar no antigo acuartelamento do Sánchez Aguilera unha residencia pública universitaria que acolla aos estudantes que acoden á nosa cidade.

CULTURA

A cultura é un dos tecidos fundamentais dos pobos e Ferrol é sinónimo de cidade culta e ilustrada, herdeira de Carballo Calero e de Torrente Ballester, de Concepción Arenal, das Pepitas e dos cantos de taberna, das Irmandades da Fala, de Ucha e de Villaamil.

Propoñemos acadar unha cultura ferrolá integradora, orgullosa das súas raíces, proxectada no futuro e implicada no desenvolvemento local para:

- Fomentar a diversidade cultural e inclusiva, accesible e colaborativa ao servizo do interese xeral da cidadanía ferrolá.
- Descentralizar a programación do centro da cidade aos barrios e ao rural.
- Garantir o acceso da cidadanía á oferta cultural municipal.

- Incentivar o consumo cultural con prezos asequibles ou descontos para xente moza e maiores ao tempo que se incentiva a creación de novos públicos.
- Apostar pola cultura inclusiva coa mellora na mobilidade, oferta adaptada e accesibilidade nas infraestruturas para as persoas con diversidade funcional.
- Manter a cooperación cultural coa Universidade, con Navantia e a Mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol.
- Reforzar o programa “Ferrol Escena” e o apoio ao teatro veciñal.
- Manter e incrementar a colaboración co cine Dúplex.
- Divulgar a actividade literaria dos escritores e escritoras de Ferrol ao longo da historia, establecendo o mapa literario de Ferrol.
- Continuar promovendo o Festival Jazz do Norte, un festival que pon en valor a especificidade do noso patrimonio histórico mesturado coa música de jazz da mellor calidade e abrindo á cidadanía novos espazos.
- Seguir impulsando o Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol.
- Impulsar a actividade dixital vinculada ó ámbito cultural, “Cóntame Ferrol”, como experiencia que ademáis permitirá unha consulta xeolocalizada das distintas expresións dixitalizadas.
- Crear unha web da Área de Cultura que permita o acceso á programación e información.

SAÚDE

- Incorporar Ferrol á rede española de cidades saudables.
- Desenvolver Plans de actuación de prevención da obesidade no Concello de Ferrol.
- Desenvolver un Plan de Alimentación Ártabra da cidade de Ferrol e crear o distintivo de Ferrol Dieta Ártabra (dÁ).
- Promover a investigación sobre o “local food ecosystem” referido ao ecosistema dos alimentos locais da comarca de Ferrol e zonas de proximidade.

- Contribuír a mellorar a promoción da saúde cardiovascular e a prevención dos factores de risco cardiovasculares.
- Realizar un catálogo urbano dos lugares de exposición ao amianto e elaborar un plan de protección da cidadanía.
- Poner a disposición unha parcela para a construción do Centro de Saúde de San Xoán.

LIMPEZA, RECOLLIDA DE RESIDUOS E SANIDADE

- Control de plagas de desinfección, desinsectación e desratización, que abarque ademais dos traballos correctivos de incidencias, os traballos preventivos para poder minimizar ditas incidencias.
- Licitación de maneira inmediata o novo contrato de recollida de residuos e limpeza viaria, cun contrato que sexa unha radiografía clara da cidade actual, coa renovación completa da maquinaria e a contenerización, a incorporación do quinto contenedor, e coa mellora do servizo de barrido, co fin de ter unha cidade limpa e saneada.
- Mellora dos servizos de recollida de incontrolados e punto limpo, coa incorporación de puntos limpos móbiles.
- Aumento da partida destinada a recollida dos vertedoiros incontrolados.
- Fomento das campañas de sensibilización coa reciclaxe, incluíndo iniciativas de incentivos para a cidadanía.

QUE GANE O FERROL DO EMPREGO E O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

EMPREGO

Mellorar a economía local e a capacidade de xerar riqueza foi, é seguirá sendo a nosa prioridade, facendo fincapé na potenciación da nosa competitividade e produtividade, e evitando a deslocalización das empresas e a perda de poboación.

Tamén é certo que o escenario de permanente transformación no que vivimos mudou as certezas que tiñamos, xerando incertezas laborais, especialmente na xente nova. Por iso, dada a súa transcendencia, o alcalde de Ferrol, Ángel Mato, traballou dende o primeiro día co Goberno de España para a reactivación da nosa principal actividade económica, o sector naval, conseguir carga de traballo e xerar emprego.

Agora que, afortunadamente, xa dispomos de traballo para máis de 15 anos, cun número moi importante de empregos, é o momento de apostar pola investigación e a innovación, para que o coñecemento quede tamén no noso concello e xere emprego de calidade.

Temos que aproveitar este período de bonanza para darlle pulo ás oportunidades de emprego que temos no noso ámbito territorial apoiando aos distintos sectores produtivos, as PEMES e aos autónomos, fundamentais na xeración de emprego, garantes da cohesión social e o equilibrio territorial, con proxectos conectados co entorno e vinculados a barrios e parroquias do propio Concello. Neste senso, as políticas públicas de emprego no ámbito local, son imprescindibles.

Por iso:

- Impulsaremos o **Plan Municipal de Emprego** para adecualo ás novas necesidades.
- Crearemos un **centro de coworking en Porta Nova**, favorecendo espazos públicos para o desenvolvemento da actividade económica e empresarial, especialmente das mozas e mozos da nosa cidade. Completaremos este **Edificio do**

Emprego de Porta Nova cunha **segunda sede do centro municipal de emprego** e a **nova oficina do Servizo Público de Emprego Estatal** (SEPE).

- **Reformaremos a sede do actual Centro Municipal de Emprego**, levando a cabo obras de mellora e modernización das instalacións e centrando a actividade en cursos prácticos.
- Poñeremos en marcha novos **cursos e obradoiros de emprego**, con especial incidencia nos colectivos con maiores dificultades para o acceso á integración laboral.
- **Traballaremos en rede coas entidades comerciais, de hostalería e empresariais** de Ferrol para optimizar recursos e desenvolver campañas de dinamización, fidelización e promoción económica da cidade ao longo de todo o ano.

TURISMO

A actividade turística é unha fonte de riqueza, na que resulta indispensable a participación do Concello como impulsor e planificador, tomando a iniciativa e promovendo a cooperación da cidadanía, do mundo empresarial e do comercio.

Por iso:

- Traballaremos na consolidación de Ferrol como **destino turístico sustentable**.
- Continuaremos traballando na **promoción do Camiño Inglés** e do seu tramo local, modernizándoo e dixitalizándoo, mellorando a súa accesibilidade e avanzando no obxectivo de que o tramo de Ferrol do Camiño Inglés sexa o primeiro totalmente inclusivo.
- Consolidaremos Ferrol como **Primeiro Destino Ilustrado de España** e creación dunha rede de cidades españolas con patrimonio do século do XVIII para traballar de forma conxunta. Consolidaremos o **Festival Ilustrado do Concello de Ferrol** e iniciaremos a tramitación do expediente para que sexa declarada de Interese Turístico Autonómico.

- Buscaremos fondos e a implicación doutras institucións para a creación dunha **Sala Permanente do Modernismo**, dedicada á obra de Rodolfo Ucha.
- Desenvolveremos a **Semana do Modernismo**, con actividades de carácter académico, social, turístico e cultural, xunto co tecido da cidade e outras localidades con patrimonio modernista.
- Potenciaremos a **ruta turística das baterías de costa de Ferrol**, impulsada no mandato 2019-23, aproveitando a execución do plan de recuperación de baterías de costa da Deputación Provincial.
- Traballaremos, en colaboración coa Autoridade Portuaria, para que o **tráfico de cruceiros** se consolide en Ferrol e este turismo quede na cidade, ofrecendo rutas atractivas e de interese como a ruta das Meninas, a Primeira Milla do Camiño Inglés, a ruta do Modernismo ou a ruta do Ferrol do século XVIII.
- Seguiremos apoiando as **Meninas de Canido**, referente cultural e patrimonial dentro da "street art" e recurso turístico de primeiro nivel.
- Remataremos e elevaremos o expediente para a declaración **das Pepitas** como Festa de Interese Turístico Nacional.
- Potenciaremos **iniciativas de turismo rural** cultural, patrimonial e gastronómico nas parroquias rurais de Ferrol.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O Patrimonio Histórico conforma as nosas sinais de identidade, as nosas orixes, a nosa historia como pobo, o noso sentimento de pertenza a un lugar concreto, e a nosa cultura.

Coñecer e valorar o noso patrimonio permítenos afrontar con rigor o noso presente e abordar con orgullo e optimismo a construción do noso futuro como cidade con idiosincrasia propia.

Por iso, imos seguir traballando na defensa do patrimonio da cidade de Ferrol como unha das obrigas irrenunciáveis e como valor cultural, social, económico e turístico.

Así, as nosas propostas son:

- Remataremos nos **cen primeiros días** o expediente e o plan de xestión da candidatura de **Ferrol como Patrimonio Mundial** (Cidade de Ferrol: Porto da Ilustración) para iniciar unha tramitación que remate coa súa inscrición pola Unesco. Tamén deseñaremos accións e actividades destinadas a poñer en valor e recuperar os bens incluídos en dita candidatura, como fixemos estes anos.
- Desenvolveremos o **Plan de Recuperación das Baterías Militares**, impulsado pola Deputación Provincial, comezando pola de Monteventoso.
- Continuaremos coa **recuperación do castelo de San Felipe**:
 - o Executando o **1,5% Cultural** (máis de medio millón de euros) que se acadou neste mandato por vez primeira vez, actuando nas cubertas pétreas e recollida de pluviais, e **rehabilitando a casa do comandante e a batería alta** para transformalos en **cafetería**, grazas ao **millón de euros** concedido polo Ministerio de Transición Ecolóxica.
 - o Mellorando os **accesos** ao castelo de San Felipe e apostando polo transporte marítimo para que se consolide como medio principal de acceso ao castelo durante todo o ano.
 - o Incluindo a fortaleza na **Rede de Castelos e Palacios de España**.
 - o Proxectando a rehabilitación de toda a batería baixa, avanzando na creación do **Museo da Historia de Ferrol**.
- Avanzaremos na investigación e escavación do **castro de Esmelle**, de propiedade municipal, e de todos os restos arqueolóxicos de Ferrol, a través da Cátedra de Arqueoloxía do Concello coa Universidade da Coruña, asinada neste mandato e ao abeiro da que se crea unha **Escola de Arqueoloxía** e un **Arqueódromo** para o ensino da arqueoloxía aos nenos e nenas.
- Continuaremos colaborando na **recuperación do patrimonio da zona rural**, como os muíños de Esmelle, e poñeremos en marcha un Plan Municipal de Recuperación dos Lavadoiros.

- Fomentaremos e colaboraremos na **recuperación do patrimonio inmaterial** do noso municipio, como Canido en Nomes, os Maios de Canido, etc.

UNHA ADMINISTRACIÓN EFICIENTE

Ferrol precisa seguir avanzando na senda da e-administración para adaptarse ás novas necesidades e novos modelos de traballo, coa tecnoloxía actual.

E farémolo cun exercicio constante e continuado de diálogo institucional como viñemos facendo neste mandato, para acadar a imprescindible colaboración de outras administracións, que permita levar adiante os proxectos de modernización e progreso da nosa cidade apostando pola **innovación**, a **transparencia** e a **máxima eficiencia na xestión**.

Para iso, debemos contar cos recursos humanos necesarios, incrementando o seu número e especificidades que nos permitan dispor dos efectivos necesarios para desenvolver axeitadamente os proxectos e procedementos administrativos e mellorar a atención que precisa a cidadanía.

Por iso nos comprometemos a:

- Promover e fomentar o **diálogo social** no Concello.
- Elaborar unha relación de postos de traballo que dea resposta a todas as necesidades a realidades do Concello de Ferrol optimizando e modificando no posible a existente mentres se procede á **redacción da nova Relación de Postos de Traballo** (RPT), co fin de atender as cuestións máis urxentes en materia de persoal.
- Crear **emprego público**, axilizando os procesos de seleccións e as ofertas públicas de emprego de cada ano, permitindo renovar e ampliar as bolsas de emprego para contratacións puntuais e temporais por baixas ou acumulación de traballo.
- Avanzar na carreira profesional, un fito acadado durante este mandato, e rematar os diferentes procesos de estabilización.
- Mellorar os espazos de traballo do persoal municipal e continuar coa modernización da administración, o que redundará nun mellor servizo para a cidadanía.

- **Actualizar o inventario municipal**, referido a casas, fincas e camiños.
- Levar a cabo a numeración de casas e fincas da zona rural, e mesmo a súa denominación.
- Actualizar o programa de Xestión Estatística.
- Crear un **servizo de acompañamento cidadá** na xestión dos trámites electrónicos con persoal que guíe aos usuarios tanto persoal como telefonicamente e prestando especial atención a persoas con diversidade funcional e maiores de 65 anos.
- Unificar todas as plataformas de interconexión entre administracións.
- Unificar as oficinas de rehabilitación e inspección técnica de edificios para crear a **primeira oficina de vivenda do Concello de Ferrol**, que será a responsable de informar das subvencións nas distintas administracións para rehabilitación, para accesibilidade, vivenda para xente nova e a xestión do parque de vivenda pública municipal de Recimil.

QUE GANE O FERROL DA CALIDADE DE VIDA

URBANISMO SOSTIBLE

Estamos a desenvolver un modelo de urbanismo sostible, responsable coas vindeiras xeracións, que concibe o espazo público como un ben irrenunciable e colectivo, de interacción e de encontro.

Que incorpora na planificación urbanística elementos de carácter social, xeográfico, medioambiental, económico, demográfico, de xénero, de mobilidade, e que aposta polo reequilibrio no noso ámbito territorial.

Que planifica o tecido residencial, a revitalización e rehabilitación do parque de vivendas, prestando especial atención aos barrios menos favorecidos, na busca da convivencia e cohesión social da nosa cidade.

Onde as persoas de toda as idades sexan as protagonistas nas rúas, nas prazas e zonas verdes, cunha accesibilidade universal que careza de barreiras e que gane para Ferrol pulmóns verdes que melloren a calidade de vida da nosa xente.

Con solucións para o tráfico rodado e tamén recuperando o protagonismo das persoas con rúas peonís.

Por iso:

- Reurbanizaremos o **Sánchez Aguilera**, creando un novo barrio na cidade:
 - Promovendo **325 vivendas públicas de aluguer taxado** para xente nova, para facilitar a súa emancipación e arraigo no noso concello, grazas aos terreos do Ministerio de Defensa cedidos para este fin, como consecuencia da aplicación, en Ferrol da nova Lei de Vivenda aprobada polo Goberno de España.
 - Convertendo os 17.000 m2 de zonas verdes, da parcela do Sánchez Aguilera no **pulmón verde** do centro de Ferrol.
- Abriremos **Ferrol ao Mar** a través da creación dun aparcadoiro público na Rúa Taxonera e a substitución dunha parte da muralla no paseo de Irmandiños.
- Reurbanizaremos as rúas María, Magdalena, Coruña e Rubalcava.

- Executaremos o plan integral de humanización do barrio do Ensanche.
- Elaboraremos o Plan Director do REXURBE.
- Tramitaremos o novo Plan Especial de Protección e rehabilitación do barrio de Ferrol Vello, corrixindo as deficiencias detectadas no anterior.
- Tramitaremos o **Plan Xeral de Ordenación Municipal** para adecualo as necesidades actuais de Ferrol.
- Rehabilitaremos a casa natal de Ricardo Carvalho Calero.
- Iniciaremos a substitución integral das conducións de auga, para previr roturas e garantir o subministro de auga.
- Licitaremos os contratos de mantemento para todos os edificios municipais.
- Renovaremos a fachada e o interior do Centro Cívico Carvalho Calero.
- Melloraremos as envolventes no Centro Cívico de Caranza.
- Ampliaremos e rehabilitaremos o local social de Serantes.
- Recuperaremos a Praza do Inferniño.
- Modernizaremos a Praza de Rosalía de Castro.
- Humanizaremos a Praza de Galicia.
- Renovaremos a Praza Álvaro Cunqueiro, no entorno do Colexio de Esteiro.
- Crearemos o primeiro parque público cuberto no Ensanche A.
- Crearemos o Parque dos Personaxes Populares en Caranza, o Cuadro de Esteiro e melloraremos o contorno da Casa de Patín.
- Renovaremos o Parque Infantil da Praia de Doniños.
- Renovaremos o Parque Infantil da Escuela de Doniños.
- Renovaremos o Parque Infantil do Paseo de Cartagena.
- Renovaremos o Parque Infantil de Serantes.
- Crearemos un Parque Infantil na Parroquia de Mandiá.

- Repararemos e reabriremos o **Parque de Aquaciencia**, co equipamento dun parque infantil acuático.
- Implementaremos un **Plan de inclusión de xogos accesibles** en tódolos parques existentes e melloraremos a sinalización, con carteis modernos e accesibles.

Mellorar a conectividade entre barrios

- Ampliaremos o bulevar das Pías ata chegar a Estrada de Castela, mellorando a conectividade.
- Humanizaremos o primeiro quilómetro da Estrada de Castela.
- Humanizaremos as rúas Nova de Caranza e Manuel Belando.

Impulsar a peonalización

- Completaremos en Canido os procesos de urbanización pendentes como a conexión peonil entre Doutor Fleming, Ignacio Martell e Alonso López.
- Impulsaremos a construción definitiva das **beirarrúas da Cabana**.
- Incluiremos as **beirarrúas de San Xurxo, Covas e Viladóniga-Vilasánchez** no Plan de Travesías da Deputación.
- Faremos a segunda fase das **beirarrúas ao Cemiterio de Serantes**.
- Impulsaremos un Plan específico de inversión para a renovación dos firmes do Concello, cunha inversión anual mínima de 1 millón de euros.
- Aumentaremos o servizo de mantemento de vías e infraestruturas, incluíndo no contrato as obras das melloras de accesibilidade en beirarrúas.
- Melloraremos o servizo de pintado e sinalización, cun contrato que preste servizo durante todo o ano.

MOBILIDADE E TRANSPORTE

A mobilidade é un dos elementos esenciais para desenvolver a nosa vida; a mobilidade sostible e saudable é a aposta socialista para que gane Ferrol.

Todas as persoas somos axentes activos da mesma e debemos ser conscientes disto. Actuando con responsabilidade para evitar consecuencias negativas medioambientais ou accidentes que repercutan na nosa saúde ou na de outras persoas.

Por iso propoñemos:

- Aprobar o **plan de mobilidade** do Concello de Ferrol.
- Recuperar a **Mesa pola Mobilidade**.
- Modernizar o sistema de **préstamos de bicicletas**, incorporando bicicletas eléctricas, patinetes eléctricos e scooters eléctricos para persoas maiores.
- Crear o servizo de **bus-lanzadera** entre A Malata, Ferrol Vello e Plaza de Galicia como experiencia piloto para utilizar A Malata, como gran aparcamento disuasorio que evite a afluencia de tráfico no casco histórico.
- Iniciar a **recuperación da competencia municipal do transporte** público local, para implantalo paulatinamente con liñas complementarias que melloren a frecuencia dos servizos urbanos e de conexión coa zona rural, todo o ano, nomeadamente nos meses de verán co fin de facilitar o acceso ás nosas praias.
- Rebaixar o prezo dos bonos de aparcadoiro 24 horas e de 12 horas para residentes e traballadores de Ferrol Vello e A Magdalena.

TRÁFICO

Ferrol gana en seguridade viaria cando se poñen en marcha estratexias de pacificado do tráfico e de redución da velocidade.

A nosa prioridade como goberno é, e seguirá sendo, traballar para reducir a sinistralidade en xeral, e mellorar a seguridade das persoas, nomeadamente dos peóns e ciclistas.

Con isto sumámonos ao reto marcado pola UE de rematar con esta pandemia invisible e alcanzar o obxectivo de mobilidade segura, de cero mortos por accidente no 2050.

Durante estes anos, **reduciuse nun 20% a sinistralidade** en Ferrol. Non en vano conquerimos o premio nacional de Seguridade Viaria “*Educa Ciudad Zero*” na categoría de prata.

Por iso seguiremos implantando no noso Concello, medidas que salven vidas, como son:

- Aprobar a **primeira “Ordenanza de Tráfico”** de Ferrol.
- Impulsar **programas de educación viaria**, identificando os puntos de risco.
- Seguir coas **actividades** para que Ferrol se una á celebración da “Semana Mundial da Seguridade Viaria”.
- Continuar **ampliando sendas peonís seguras** e redución do tráfico nas nosas rúas.
- Continuar coa instalación de **“pasos de peóns intelixentes**.
- Ampliar as **“Peque paradas”** na totalidade dos colexios da nosa cidade.
- Implantar as **“Bebé paradas”**, unha reserva de espazo nos aparcamentos de superficie para vehículos que transporten mulleres en período de xestación ou a bebés ata os 18 meses de idade.

SEGURIDADE

Os corpos de emerxencias e seguridade, policía, bombeiros e protección civil, son a primeira liña de axuda en situacións de emerxencia e de urxencia vital.

Un dos principais obxectivos do goberno foi ampliar o número de efectivos e medios materiais e dotar a todos estes servizos públicos de melloras traballando coa vista posta en acadar unha cidade *cardioprotexida*.

Por iso téñense instalado dispositivos DESA (Desfibrilador semiautomático) nas instalacións deportivas, mercados, contedores culturais e casetas de socorrismo, formando a multitude de veciños e veciñas no seu uso.

Ferrol debe continuar na renovación e mellora dos seus trazados, para garantir un bo estado das súas vías e beirarrúas, garantindo a seguridade necesaria para condutores e peóns.

Por iso imos :

- Continuar coa **instalación de dispositivos DESA**, levándoos a pe de rúa ata converter a nosa cidade nunha “**CIDADE CARDIOPROTEXIDA**” e continuar formando á poboación no seu uso.
- Aumentar a cantidade do próximo contrato de mantemento de vías ata o 1,5 M.€ anuais.
- Impulsar un plan de renovación de beirarrúas en tódolos barrios da cidade.
- Insistir ante a Xunta de Galicia para que resolva o grave problema dos xabaríns tanto no rural como no ámbito urbano.

MERCADOS E CONSUMO

Temos o privilexio de contar con tres Mercados Municipais que deben ser motores de creación de emprego e modelo de consumo sostible e saudable.

O interese do goberno sempre está orientado a regularización e potenciación das nosas Feiras e Mercados.

Por iso imos:

- **Reformar o mercado de Recimil.**
- Axilizar a adxudicación dos postos nos nosos mercados a persoas interesadas en emprender o seu negocio.
- Recuperar o Mercadillo do Inferniño.
- Crear o Mercadillo de Esteiro.

BENESTAR ANIMAL

Recoñecer e protexer a dignidade dos animais é propio dunha sociedade evolucionada e consciente da tenencia responsable de animais ao seu cargo, en tanto que son seres vivos dotados de sensibilidade que teñen dereito a ser respectados, coidados e protexidos.

Dispondo de acceso a espazos onde poidan desfrutar e mellorar a súa calidade de vida.

Por iso :

- Seguiremos facendo **campañas formativas** sobre a compra ou adopción responsable.
- Continuaremos coa ampliación e mantemento de **parques caninos** en Caranza, Canido, Bertón, Santa Mariña e San Pablo-Catabois.

MEDIO AMBIENTE

Un Medio Ambiente equilibrado, sostible e saudable, esixe que os poderes públicos atribúan un papel central na planificación dos nosos concellos xa que non pode haber compromiso coa calidade de vida das persoas se non hai un compromiso coa protección medioambiental.

En Ferrol conviven xardíns decimonónicos con espazos verdes de máis recente creación e cunha fantástica sucesión de espazos naturais propios no noso entorno. Todos conforman o mapa verde da nosa cidade, que debe ser planificada e xestionada con responsabilidade e con orgullo de seu.

Por iso propoñemos:

ACCIÓNS EN ZONAS VERDES E NO LITORAL

- Dotar de infraestruturas de **Protección da pílara** nas praias.
- Renovar as dotacións e o **mobiliario urbano** dos espazos verdes para que sexan disfrutados pola cidadanía.
- Recuperar os grandes pulmóns verdes como o montón, o bosque da Torilla ou Mougá, o bosque dos nenos e o parque da Valenta.
- Protexer e promover os ecosistemas litorais e fluviais.
- Mellorar a frecuencia do mantemento das nosas zonas verdes
- Renovar o mobiliario urbano e a iluminación nas zonas axardinadas o pradeiras próximas aos litorais.
- Implementar un Plan de sinalización e balización das rutas litorais, incluíndo un correcto mantemento das mesmas.
- **Dotar de mobiliario ás praias** que poida utilizarse todo o ano, para que as duchas, aseos e demais servizos estén dispoñibles para a práctica do deporte.
- Mellorar o entorno da Praia de Caranza, mellorando accesos, accesibilidade e espazos de estancia.
- Mellorar a accesibilidade das nosas praias, creando na Praia da Graña un arenal totalmente accesible
- Renovar a sinalización dos arenais, con carteis actualizados e accesibles.
- Recuperar o entorno, os accesos e o areal da praia de Caranza.
- Crear un **paseo Fluvial** no río Inxerto no Barrio de San Juan.
- Recuperar o entorno do río da Ponte en San Felipe.

ACCIÓNS PARA MITIGAR O CAMBIO CLIMÁTICO

- **Reducir o consumo eléctrico municipal**, aumentando a súa eficiencia coa renovación progresiva da tecnoloxía LED, tanto en edificios, equipamentos e alumeados públicos e semaforicos tanto na zona urbana como na rural.

- Fomentar as **enerxías renovables** coa instalación de paneis fotovoltaicos en edificios municipais.
- Apostar pola **movilidade sostible**.
- Colaborar coa cidadanía na **creación de hábitos enerxéticos** máis eficientes.
- Levar a cabo unha **auditoría e certificación enerxética** dos edificios municipais, incluíndo aparatos de telemedida e telexestión para mellorar a eficiencia dos consumos.
- Iniciar a **renovación do parque móbil** do Concello con vehículos máis eficientes
- Instalar unha **rede de puntos de recarga** para vehículos eléctricos
- Desenvolver **campañas de sensibilización** sobre o cambio climático e a súa adaptación en colexios e institutos.
- Reforzar as campañas para o fomento da **compostaxe**.
- **Reforestar** as zonas degradadas de propiedade municipal con especies autóctonas.
- Elaborar un **Plan Municipal de Prevención e Defensa** contra Incendios Forestais.
- Recuperar o **Consello Sectorial de Medio Ambiente**, como medio para facer labor divulgativa e de concienciación.
- Instar á Xunta de Galicia para que inclúa a zona de *Os Corrais* (Serantes) dentro do **plan de risco de inundacións**, financiando as actuacións necesarias para resolver o problema existente.

ZONA RURAL

O rural é unha parte fundamental do Concello de Ferrol, polo que debemos continuar coa dinamización destas zonas poñendo o acento nos locais sociais xa que son os principais impulsores da actividade veciñal.

O saneamento do rural é a gran débeda pendente. Neste mandato, fomos quen de acordar coa Xunta unha importante colaboración no financiamento desta infraestrutura imprescindible.

Lamentablemente, o acordo coa Xunta que debía iniciarse no primeiro trimestre deste ano non se cumpriu, pero estamos certos que será posible.

Por iso:

- Iniciaremos xa o **saneamento do rural** en colaboración co acordado coa Xunta de Galicia.
- Melloraremos as **infraestruturas de canalizacións** de augas pluviais, incluíndo a construción de cunetas en diversas parroquias.
- Melloraremos as **dotacións de lecer** como parques, merendeiros ou pistas deportivas.
- Faremos nos vindeiros 4 anos unha inversión mínima anual de 500.000€ en **melloras do aglomerado** das vías do rural.
- Investiremos nos vindeiros 4 anos un mínimo anual de 150.000€ en **melloras da iluminación**, puntos de luz e renovación por luminarias LED.
- **Repararemos as beirarrúas** existentes e levaremos a cabo un plan de ampliacións de beirarrúas e sendas peonís.
- Repararemos as **beirarrúas da Deputación** e solicitaremos a ampliación das mesmas, na DP 3603 ao seu paso por Covas, no DP 3607 ao seu paso por San Xurxo ou na DP 3610 (Avenida de Grandal), ademais das execucións xa comprometidas das beirarrúas na DP 3612 no seu paso pola Cabana, e aglomerado na DP 3611.
- Poremos en marcha un **plan de ampliación** de sendas peonís, garantindo a seguridade viaria.
- **Renovaremos os parques infantís** e crearemos un novo na Parroquia de Mandiá.
- **Renovaremos os lavadoiros e as fontes** e limparemos periódicamente estes elementos.
- Recuperaremos e sinalizaremos os **camiños reais**.
- Melloraremos a frecuencia dos **desbroces** e a recollida de restos e follaxe e faremos semestralmente a limpeza de gabias.
- Faremos unha **limpeza anual dos ríos** de titularidade municipal.

- Elaboraremos un Plan de eliminación de **especies invasoras**.
- **Descentralizaremos as actividades** formativas, lúdicas e culturais a cargo do Concello segundo a demanda transmitida polas entidades veciñais.
- **Implementaremos axudas para inversión** destinadas a locais sociais de uso público que non sexan de titularidade municipal.
- Llearemos a cabo un plan de **melloras de accesibilidade** en mantemento en todos os locais de titularidade municipal.
- Reformaremos a **Escola Tomás de Serantes** en Covas.
- Renovaremos o **Local Social** de Covas.
- Repararemos o talud próximo a **Xunta Veciñal de Doniños**.
- Dotaremos dunha zona exterior ao **Local Social de San Román** de Doniños.
- Remodelaremos o **local social do Lago de Doniños**, coa adecuación da parcela do Campo de Tiro para desenvolvemento de actividades.
- Elaboraremos o Proxecto de **remodelación dos cuarteis de Prior** para desenvolvemento de actividades e campamentos infantís.

DEPORTES

Este Goberno concibe o deporte como un factor social e cultural, unha forma de ocupación activa do tempo libre e un medio indispensable para a mellora da calidade de vida da cidadanía constituíndo un pilar básico do Estado do Benestar.

Entendemos que a práctica deportiva é un elemento de desenvolvemento persoal, de xeración de saúde e benestar, un complemento á educación dos nenos e nenas e un factor que aporta saúde física e mental.

É tamén un indicador de benestar e de calidade de vida da comunidade.

Defendemos a universalización da actividade física e deportiva para que calquera poida acceder á súa práctica, con especial atención aos segmentos sociais máis desfavorecidos e a aplicación da

perspectiva de xénero, para favorecer o acceso das mulleres á práctica deportiva.

Por iso:

- Fomentaremos a **práctica deportiva entre a xente máis nova** con bonos deportivos e con descontos no aluguer dos espazos habilitados.
- Elaboraremos un **estudo das necesidades de mantemento** das instalacións deportivas do Concello de Ferrol, incluídas as instalacións desconcentradas de uso libre existentes nos barrios.
- Construiremos instalacións para o desenvolvemento de **novas actividades deportivas** demandadas, como o skatepark, o crossfit ou a escalada, que serán de uso libre e aberto.
- Buscaremos vías de financiación para converter FIMO na cidade do deporte.
- Facilitaremos a **xestión das xustificacións** de subvencións aos clubs deportivos.
- Remodelaremos os **campos de fútbol de herba artificial** existentes en **Caranza**.
- Seguiremos co **Patrocinio do Racing Club Ferrol**.
- Elaboraremos un **Plan Estratéxico** para determinar e fomentar os hábitos deportivos da poboación de Ferrol.
- Faremos un **estudo das necesidades** en materia de obras, servizos e mantemento das instalacións deportivas do Concello de Ferrol.
- Continuaremos coas obras de mellora do **Estadio Municipal de A Malata**.
- Renovaremos as **pistas deportivas** de Serantes, Canido, praza de Sevilla, e os exteriores das pistas da praza Mestre Malde e da rúa Cádiz
- Crearemos un **parque de Calistenia** no barrio de Ultramar.
- Crearemos unha **pista de pumptrack** na Malata.